



B

**D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO
ALCALDE DO CONCELLO DE
PORTO DO SON
FAI SABER:**

A

A Xunta de Galicia ofrece ás **persoas con discapacidade** a posibilidade de participar en **campamentos de verán** especificamente deseñados para elas e que se realizan en varias localizacións da nosa Comunidade Autónoma. Estes campamentos teñen unha **duración de 10 días**.

Requisitos:

- Ter recoñecida unha porcentaxe de discapacidade igual ou superior ao 33%..
- Ter unha idade comprendida entre os 11 e os 50 anos. Debe terse cumprida a idade mínima establecida ao inicio da quenda e non superar a idade máxima ao seu remate.
- Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.
- Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van desenvolver.
- Ter unha mobilidade acorde coas características da instalación que solicita..

N

D

Prezo dos campamentos:

O prezo dos campamentos é o recollido na circular de convocatoria. En todo caso, establécense os seguintes descontos:

- 50% para membros de familias que teñan o título de numerosa.
- 50% para familias que teñan o certificado de recoñecemento da condición de monoparental expedido pola Consellería de Política Social.
- 25% para as persoas usuarias do Carné xove.

O

Presentación das solicitudes:

Na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PRO4A> e nos diferentes rexistros da Administración.

Máis información no dpto. municipal de Benestar Social (Tfno. 981.86.74.14).

PRAZO DE SOLICITUDE: Ata o 3 de xuño do 2022.

Porto do Son, 19 de maio do 2022

O Alcalde

Asdo) José Luis Oujo Pouso

